

## Lingua 5º / Unidade 11 /Dá unha noticia

### Actividade 1

**Enunciado:** Subliña e analiza os adverbios das oracións.

- Rematei as tarefas rapidamente e logo, saín fóra a tomar o sol.
- O caderno non está mesa nin tampouco dentro da mochila.

---

---

---

### Solución

**Rapidamente, adverbio de modo.**

**Logo, adverbio de tempo.**

**Non, tampouco, adverbios de negación.**

**Fóra, dentro, adverbios de lugar.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Identifica os adverbios.

7.2. Analiza os adverbios.

### Competencias clave

Competencias sociais e cívicas.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

## Actividade 2

**Enunciado:** Subliña as locucións adverbiais.

- Tiven que facer a comida a correr porque era tarde.
- Os gatos do veciño, a miúdo, toman o sol no meu xardín.
- Hoxe xa non vén, ao mellor faino mañá.
- Plantaches flores de máis á beira do camiño.

## Solución

- Tiven que facer a comida **a correr** porque era tarde.
- Os gatos do veciño, **a miúdo**, toman o sol no meu xardín.
- Hoxe xa non vén, **ao mellor** faino mañá.
- Plantaches flores **de máis** á beira do camiño.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

## Estándar de aprendizaxe avaliable

7.1. Identifica os adverbios.

### Competencias clave

Competencias sociais e cívicas.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

### Actividade 3

**Enunciado:** Escribe as comas onde corresponda.

- O meu irmán practica natación a miña irmá patinaxe.
- As fervezas da Toxa as mais altas de Galicia están en Silleda.
- Anxo tráeme o abrigo o negro.
- Aurora a irmá de Anxo non escribiu a mensaxe pois é moi pequena.

### Solución

- O meu irmán practica natación, a miña irmá patinaxe.
- As fervezas da Toxa, as mais altas de Galicia, están en Silleda.
- Anxo tráeme o abrigo, o negro.
- Aurora, a irmá de Anxo, non escribiu a mensaxe pois é moi pequena.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete un erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Coñece os usos da coma e o punto e coma.

### Competencias clave

Competencia para aprender a aprender.

Competencia en comunicación lingüística.

#### Actividade 4

**Enunciado:** Indica a función dos puntos e comas das oracións.

- Onte camiñei moito; con todo, non estou cansa.
- 

- Esquecín o libro na escola; non podo estudar para o exame.
- 

- Manolo, o profesor; Ana, a titora e Celia, a directora, chegaron cedo.
- 

#### Solución

**Diante de locución.**

**Separar unha oración e a súa conclusión.**

**Separar elementos dunha enumeración cando entre eles hai comas.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata un erro.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

#### Estándar de aprendizaxe avaliable

8.1. Coñece os usos da coma e o punto e coma.

#### Competencias clave

Competencia para aprender a aprender.

Competencia en comunicación lingüística.

## Actividade 5

Enunciado: Completa a táboa con catro palabras de cada.

<b>Siglas</b>	<b>Acrónimos</b>

### Solución

**Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata un erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Identificar siglas e acrónimos.

6.2. Coñecer o significado das principais siglas e acrónimos.

### Competencias clave

Competencia dixital.

Competencia para aprender a aprender.

## Actividade 6

**Enunciado: 6.** Que diferenza existe entre unha sigla e un acrónimo?:

---

---

---

---

---

---

---

### Solución

Que os acrónimos son siglas que xa se incorporan ao léxico como palabras.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente o que se solicita sen cometer ningún erro.	Escribe o que se solicita e comete un erro.	Escribe o que se solicita e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

6.1. Identificar siglas e acrónimos.

### Competencias clave

Competencia dixital.

Competencia para aprender a aprender.

## Actividade 7

**Enunciado:** Escribe unha noticia baseada na ilustración.

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



### Solución

**Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

2.1. Dá unha noticia.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

## Actividade 8

**Enunciado:** Escribe tres características do teatro.

---

---

---

**Solución**

**Resposta libre. Cómpre que escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente o que se solicita.	Escribe o que se solicita e comete ata dous erros.	Escribe o que se solicita e comete ata catro erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

9.1. Identifica os protagonistas no teatro.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.



## Actividade 9

Enunciado: Que parte da noticia é o seguinte texto?

Uns nenos atopan o fósil dun ovo de dinosauro no monte Alba

• Que outras partes ten unha noticia? \_\_\_\_\_

## Solución

**Titular.**

**Entrada e corpo.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

## Estándar de aprendizaxe avaliable

2.1. Dá unha noticia.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

## Actividade 10

Enunciado: Completa.

A finais dos anos \_\_\_\_\_ e na década dos \_\_\_\_\_ incorpóranse á narrativa galega \_\_\_\_\_ que traen \_\_\_\_\_

O seu trazo máis característico é o \_\_\_\_\_. Dentro destes autores destacan: \_\_\_\_\_

## Solución

A finais dos anos **50** e na década dos **60** incorpóranse á narrativa galega **escritores novos** que traen **modelos culturais e novos procedementos técnicos**. O seu trazo máis característico é o **obxectivismo**. Dentro destes autores destacan: **Xosé Neira Vilas, Xosé Luis Méndez Ferrín, Carlos Casares, María Xosé Queizán**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografías e comete ata catro erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

## Estándar de aprendizaxe avaliable

10.1. Coñece datos sobre os autores da Nova Narrativa galega.

## Competencias clave

Competencias sociais e cívicas.

Competencia en conciencia e expresión cultural.